

III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE COSPEITO



Logo do Concello de Cospeito. Consiste en dúas aves negras voando sobre a palabra "Cospeito" escrita en letra manuscrita.

REGULAMENTO

Artigo 1: Organización

O Concello de Cospeito organiza a **III Carreira Popular Concello de Cospeito**. A proba organizarase o **vindeiro domingo 19 de maio**, con saída diante da casa do Concello e discorrerá por vías asfaltadas e de terra, a meta será no campo da feira de Feira do Monte.

Artigo 2: Participación

A proba estará aberta a todo atleta, federado ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 3: Percorrido, categorías, distancias e horarios

O circuío percorrerá vías asfaltadas e de terra, e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por vehículos da organización e estará sinalizado en cada punto quilométrico.

A proba realizarase no entorno do núcleo da Feira do Monte, con saída diante do Concello, e a meta estará no campo da feira do mesmo núcleo.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	HORARIO	DISTANCIA (APROX)
PITUFOS	(2017 e posteriores)	12:30 H	150m
SUB 10	(2015 - 2016)	12:35 H	600m
SUB 12	(2013 - 2014)	12:40 H	1.500m
SUB 14	(2011 - 2012)	12:40 H	1.500m
SUB 16-18	(2007 - 2010)	12:40 H	1.500m
SUB 20-23	(2002 - 2006)	11:00 H	10.000m

SENIOR	(2001 ata 34 anos)	11:00 H	10.000m
MASTER A	(Desde os 35 anos ata 44)	11:00 H	10.000m
MASTER B	(Desde os 45 anos ata 54)	11:00 H	10.000m
MASTER C	(Desde os 55 ata os 64)	11:00 H	10.000m
MASTER D	(Desde os 65 anos en adiante)	11:00 H	10.000m

Artigo 4: Peché de control

O control da chegada na proba absoluta **pecharase 90' despois da saída** da mesma.

Artigo 5: Condicións de participación

- As inscricións faranse a través da **páxina web da Federación Galega de Atletismo**.
- **A inscrición pecharase o mércores 15 de maio ás 23:59 horas.**
- **Non se admitirán inscricións o día da proba.**
- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:
“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.”
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en man da organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.
- Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Non respectar as indicacións dadas pola organización.
 - Non realizar todo o circuíto da carreira.
 - Non levar o dorsal ou manipular o mesmo.
 - Falsificar datos persoais.
- Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Artigo 6: Inscrición

A inscrición farase exclusivamente a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo. Os dereitos de inscrición na **proba de menores serán GRATUÍTOS**, na carreira de **adultos terá un custe de 3 euros**, a contía recadada irá **destinada á Asociación Española contra o cancro AECC**.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, telefono móbil, correo electrónico e club. Tamén deberá sinalarse se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza e o club.

Artigo 7: Retirada de dorsais

Os dorsais retiraranse o día da proba na zona habilitada pola organización diante da Casa do Concello, **ata 45' antes da saída de cada proba.**

Artigo 8: Premios

- Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta
- Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos coma femininos.
- Trofeo ao tres primeiros postos empadroados en Cospeito para a carreira absoluta.
- Na carreira absoluta de 10K os premios non serán acumulativos agás a premiación de empadroados no concello.
- Na categoría PITUFOS darase unha medalla de participación. Non haberá trofeos nin se farán clasificacións nesta categoría.
- A entrega de premios será diante do campo da feira, aproximadamente ás 13:00h.

Artigo 9: Servizos para os participantes.

As persoas participantes gozarán dos seguintes servizos.

- Aparcadoiro gratuíto, ata a ocupación das prazas existentes.
- Baños na zona de saída e de chegada.
- Roupeiro, os participantes poderán deixar na saída a roupa nunha bolsa cunha identificación.
- Recollida de dorsais, imperdibles e chips.
- Vestiarios e duchas no pavillón municipal en Feira do Monte.
- Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
- Avituallamento líquido no km 5 para a carreira de adultos.
- **Zona de lecer para os nenos, delimitada, con monitores, para que os pais e nais poidan gozar da carreira.**
- Os participantes poderán degustar un pequeno convite ao rematar as carreiras mentres se realiza a entrega de premios.
- Ambulancia con médico. Todos os accidentes acontecidos durante o desenvolvemento da proba deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio coa compañía de seguros que corresponda.

Artigo 10: Seguro

Todas as persoas participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar de competición ou desde o mesmo.

Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.

Aceptación do regulamento: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

Nota: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidente e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular das probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a lei de Protección de Datos, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz S/N -15008 A Coruña.

Organiza: Concello de Cospeito